



## **IV PROBA XI CIRCUITO GALEGO JR DE SQUASH BORJA GOLÁN 2023**

CATEGORÍA SUB 19 MIXTA/ CATEGORÍA SUB 17 MIXTA/  
CATEGORÍA SUB 15 MIXTA  
CATEGORÍA SUB 13 MIXTA/ CATEGORÍA SUB 11 MIXTA

### **BASES:**

1. A IV Proba do Circuito Galego JR de Squash Borja Golán 2023 realizarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Milladoiro (Ames), o día **16 de decembro de 2023**.
2. O Circuito estará aberto a tódolos xogadores SUB das categorías que estean en posesión de licenza autonómica da FGS para o ano 2023.
3. As probas do Circuito xogaranse ó amparo da vixente normativa da F.G.S, terá categoría Sub. O torneo é válido para o Ránking Galego SUB.
4. As inscricións realizaranse a través da Páxina web Ligasquash.net no enlace:
5. O peche das inscricións será o **luns (anterior a proba), e decir, o 11 de decembro ás 23,59 horas**
6. Ó peche das inscricións, publicarase o listado provisional de inscritos. No caso de que non houberse un mínimo de 4 xogadores nalgunha categoría, uniríanse á categoría seguinte. O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos e os cadros provisionais. O xoves publicaranse os cadros definitivos.
7. **A inscrición será de 10€ por proba**. Con cada inscrición darase un bola Dunlop Revelation Pro XX (doble punto amarelo), ou un detalle. **O pago realizarase por transferencia bancaria**, e o xustificante será enviado por e-mail a: [info@fgsquash.org](mailto:info@fgsquash.org) antes do mércores, anterior a proba, ás 11h, de non ser así a inscrición no terá validez.

**Número de conta: ABANCA ES47 2080 0501 1730 4003 1815.**

8. Cada xogador só poderá inscribirse nunha categoría en cada torneo. No caso de cumprir anos, (que provocasen un cambio de categoría) despois da primeira proba o xogador poderá rematar o circuito, na categoría na que empezou.
9. As probas realizaranse en Vigo, Lugo e Santiago de Compostela.
10. A bola oficial do campionato será a Dunlop Revelation Pro XX (doble punto amarelo).

11. Aplicarase riguroso W.O., unha vez transcurridos 15 minutos da hora fixada para o comezo do partido, segundo normativa vixente. Os xogadores deben de coñecer os horarios de xogo. Xogaranse tódolos postos en tódalas categorías.
12. As decisións do Xuíz- Árbitro de cada torneo serán inapelables. Nesta proba será D. Óscar Mon Fernández. Os xogadores deberán de estar dispostos a arbitrar, cando o xuíz-árbitro así llelo indique.
13. Na primeira proba os cabezas de serie virán marcados polos Ránkings Galegos Sub publicados na data final da inscrición. Será o Xuiz árbitro, quen decida as posición dos cabezas de serie, en función as súas posicións nos Ránkings ,Masculino e Feminino, o ser éste un torneo mixto.  
No caso dos Cabezas de serie. Despois desta primeira proba, publicarase o Ránking propio de Circuito que marcará os cabezas de serie nas seguintes probas. Os gañadores do circuito, virán marcados pola súa clasificación neste Ránking. En caso de empate a puntos entre varios xogadores na clasificación final do Circuito, a proba disputada en Santiago terá dobre puntuación. No caso de que os dous primeiros clasificados sexan do mesmo sexo, terá premio, ademáis, o primer clasificado do sexo contrario.
14. **O finalizar o circuito (o día 16 de decembro de 2023) en Santiago** farase a entrega de premios e un sorteo de agasallos entre tódolos participantes.

O CALENDARIO DE PROBAS SERÁ O SEGUINTE:

- SÁBADO 15 ABRIL 2023 en AMES- SQUASH CLUB SANTIAGO
- SÁBADO 27 MAIO 2023 VIGO – CÍES SQUASH
- SÁBADO 4 NOVEMBRO 2023 LUGO – MONSTRUÍÑOS
- SÁBADO 16 DECEMBRO 2023 en SANTIAGO DE COMPOSTELA- SQUASH CLUB SANTIAGO

\*\*\*\* A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

*Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, rexeitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

**No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento abortó ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o artigo 8-c da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.**